

**Setembro 2015****O documento de instrucións previas****Definición**

O documento de instrucións previas (DIP) é o documento mediante o cal unha **persoa maior de idade, capaz e libre**, manifesta anticipadamente a súa vontade sobre os coidados e tratamentos de saúde que podería necesitar no futuro¹. Tamén se recolle nel cal vai ser o destino final do seu corpo e órganos, co fin de que **esta vontade sexa coñecida e respectada no caso de que non teña capacidade para manifestala**.

Que é o documento de instrucións previas?

Mediante este documento, unha persoa pode decidir, cando aínda é capaz, como quere ser tratada cando non poida tomar decisións por si mesma e outros deban facelo no seu lugar. O outorgante do documento de instrucións previas pode tamén designar un representante para que, chegando o caso, sirva como interlocutor co equipo sanitario.

Desta forma o paciente anticipa e plasma nun documento que tipo de atención quere que se lle ofrezca no futuro. Este dereito é parte inequívoca do principio de autonomía que permite ao paciente decidir sobre os coidados e os tratamentos que lle van ser aplicados.

Por isto, é necesario que os profesionais ofrezan ao paciente unha adecuada información do seu proceso (sen *esquecer o dereito que ten a "non saber"*). Esta información é o elemento básico na toma de decisións autónomas e responsables, que debe ser feita a tempo, veraz, completa, gradual e compasiva.

Cando pode o profesional ofrecer a realización do documento de instrucións previas?

Calquera momento da vida dunha persoa é adecuado para a realización do DIP. Todo paciente debería coñecer cal pode ser o pronóstico dunha enfermidade crónica e ameazante para a súa vida xa nos momentos iniciais do diagnóstico. Este é un dos momentos adecuados para convidar o paciente a outorgar un DIP.

Quen custodia os documentos?

O [Rexistro Galego de Instrucións Previas](#) é o órgano encargado da custodia destes documentos así como da súa inscrición, substitución ou revogación. Ademais, serve como instrumento para facilitar o coñecemento desas instrucións aos profesionais sanitarios.

É importante destacar que un DIP debidamente formalizado é válido aínda que non se tivese inscrito.



Como se outorga o documento de instrucións previas?

O documento de instrucións previas debe formalizarse dunha destas tres formas¹:

1. **Ante notario,**
2. **Ante 3 testemuñas, ou**
3. **Directamente ante o funcionario do Rexistro de Instrucións Previas ou unidades habilitadas.**

As testemuñas deberán cumprir as seguintes condicións: ser maiores de idade, con plena capacidade e dúas delas (como mínimo) **non poden ter relación de parentesco** ata o segundo grao ou afinidade, **nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante.**

Cal é o contido do documento de instrucións previas?

Neste documento poderemos indicar aos cidadadáns/ás en que situacións queren que se teña en conta a súa aplicación (situación terminal, estado de inconsciencia permanente ou irreversible ou enfermidade progresiva e avanzada, entre outras). Ademais, rexistraranse outro tipo de decisións:

1. Instrucións sobre coidados e tratamentos

Relacionados coa limitación do esforzo terapéutico e a dor

2. Instrucións sobre o destino final do corpo cando faleza

Relacionados coa doazón dos órganos e tecidos para transplante ou a súa doazón á ciencia

3. Nomeamento do representante e interlocutor substituto

Enlace aos documentos

A información necesaria encóntranse nos seguintes enlaces:

1. [Información para o profesional](#)
2. [Información para o cidadán](#)

Ademais,

1. [Solicitud de inscrición no Rexistro Galego de Instrucións Previas](#)
2. [Modelo de documento de instrucións previas outorgado ante testemuñas](#)
3. [Modelo de revogación do documento de instrucións previas](#)

Os DIP e a planificación anticipada das decisións (PAD) nos coidados paliativos

“O maior perigo que amezan os DIP é que se limiten a un formulario sen significado clínico. O DIP é a oportunidade para achegarnos ao paciente para realizar unha planificación anticipada das decisións. Esta PAD ten lugar cando un paciente cunha grave enfermidade foi informado polo seu médico das previsíbeis evolucións desta e tras recibir a información, e un proceso de reflexión persoal, decide recoller nun DIP cales son os seus desexos e eleccións persoais sobre ata onde quere chegar no tratamento da súa doenza”².

Un dos aspectos que se debe ter en conta é que este documento pode ser modificado as veces que se consideren oportunas. A formalización do DIP evita un dos problemas dos coidados paliativos que é a necesidade de solicitar un consentimento por representación aos familiares, interpretando cal sería a vontade do paciente. No caso en que estes non acepten o contido do documento, os profesionais deben respectar os desexos expresados polo paciente, nun marco de colaboración e acompañamento á familia.

Unha última reflexión sobre as instrucións previas:

A recente [“Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais”](#) aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, establece que tanto os profesionais como os centros sanitarios deben garantir que os valores e instrucións contidos no DIP outorgados polos pacientes deben ser respectados.

BIBLIOGRAFÍA:

1. [DECRETO 159/2014, do 11 de decembro, pola que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde.](#)
2. [Ameneiros Lago E, Carballada Rico C, Garrido Sanjuán JA. Los documentos de instrucciones previas y la planificación anticipada de las decisiones sanitarias. Galicia Clin 2011; 72\(3\): 121-124.](#)

A elaboración deste documento contou coa colaboración do Rexistro Galego de Instrucións Previas da Consellería de Sanidade.